

Horario

Lectivo: de 09:30 a 14:30 horas.

Chegada e recepción ao centro de todo o alumnado
(a partir das 09:15 horas.)

Servizos complementarios

Transporte escolar

4 RUTAS:

Ameixeira-Camarada, Braña-O Freixo,
Louseira-Brates e A Fonte-Filgueira de Traba

Ida: chegada ao centro: 09:15-09:30 H.

Volta: saída do centro ás 16:15 H. (15:45 en set. e xuñ.)

Comedor escolar

de 14:30 a 15:15 horas.

Actividades extraescolares e/ou tempo de lecer e ocio

de 15:15 a 16:15 horas (até 15:45 en set. e xuñ.)

- Urban Dance
- Taekwondo
- Lingua de signos
- Multideporte
- Informática

ANPA

CEIP Plurilingüe Bragade

anpaceipcesuras@gmail.com

CONCELLO OZA-CESURAS

Sede Cesuras: 981790001

Sede Oza dos Ríos: 981792000

correo@concellodeozacesuras.es

SERVIZO DE MADRUGADORES (MUNICIPAL)



Concellode
OzaCesuras

Innovación educativa



ORQUESTRA do BRAGADE



Laboratorio de idiomas



1. ALIMENTATE BEN
2. PROXECTOS DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (PVAD)
15. METEUESCOLAS



05. EMOCIÓN-T



01. EDUinnova
02. EDUexcelencia
03. EDUsaúde
04. EDUosustibilidade
05. EDUcalidade

Benvidas e benvidos!

Folleto informativo 2022/23



CEIP Plurilingüe Bragade CESURAS



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
PLURILINGÜE BRAGADE

Que colexio somos o Bragade?

Innovador

Apostamos con firmeza o noso compromiso por proxectos de innovación educativa:

- ✓ **E-DIXGAL** (libro dixital en 5º e 6º Pri.)
- ✓ **ESPAZO ABALAR**
- ✓ **CENTRO PLURILINGÜE**

Ciencias Sociais en inglés en toda Primaria

PLURINFANTIL: acreditación plurilingüe en Infantil
AUX. DE CONVERSA: nativa/o de fala inglesa

- ✓ **PLAMBE**
(Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares)
- ✓ **PFPP**
(Plan de Formación Permanente do Profesorado)
a través do CFR A Coruña
- ✓ **ORQUESTRA DO BRAGADE**
(formada por alumnado e profesorado do cole)
- ✓ **LABORATORIO DE IDIOMAS**



GALEGO **CASTELÁN (castellano)** Lingua de signos
INGLÉS (english) **PORTUGUÉS** **ALEMÁN (Deutsch)**
日本語 (にほんご、Xaponés)

Persoal de centro acreditado oficialmente en diferentes linguas

PROXECTOS CONCEDIDOS ESPECÍFICAMENTE PARA A SÚA REALIZACIÓN DURANTE O 2022/23

- ✓ **PLAN PROXECTA+**
 1. Aliméntate ben
 2. Proxectos de Vida Activa e Deportiva
 15. MeteoEscolas
- ✓ **CONTRATOS-PROGRAMA**
 - CPinclúe**
 05. EMOCIÓN-A-T
 - CPinnova**
 01. EDUinnova
 02. EDUexcelencia
 03. EDUsaúde
 04. EDUsostibilidade
 05. EDUcalidade

Inclusivo, respectuoso e participativo

Atendemos e tratamos as diferenzas individuais, procurando optimizar todos os recursos dispoñibles, de xeito que poidamos brindar a todo o alumnado as mellores condicións en termos de oportunidades e igualdade a través do desenvolvemento persoal, a autonomía e a autoestima, a responsabilidade e o esforzo e a crítica construtiva e autocrítica.

Esforzámonos en manter un bo clima de convivencia, baseado na tolerancia e no respecto, fomentando a comunicación e diálogo con todos os sectores da comunidade educativa: alumnado, familias, ANPA, Consello Escolar, etc.

Procuramos elaborar actividades e estratexias que fomenten a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa, así como doutras institucións.

CONTACTO

☎ 881 880 509

📞 630 27 19 32

ceip.cesuras@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras

Lugar A Casagrande, 15; 15391 Dordaño - CESURAS



Familiar, rural, saudable e sostible

Todo o cole somos como unha pequena grande familia e tratamos de ofrecer un trato o máis cercano e profesional posible, tanto dentro das aulas como coas familias e resto da comunidade educativa.

Situado nunha fermosa e tranquila contorna rural con moito potencial, temos contacto directo coa natureza, ideal para o proceso de ensino-aprendizaxe integral do noso alumnado.

Fomentamos hábitos de vida saudables e sostibles: comezando pola alimentación da cociña do noso comedor a través de alimentos ecolóxicos de provedores locais, pasando polo emprego de material de refugallo e uso responsable dos recursos materiais, así como potenciando o exercicio e o deporte.

Amplas Instalacións

- ▶ Salón de actos (195m2)
- ▶ Pavillón polideportivo cuberto
- ▶ Patios de recreo: 2 exteriores e 1 cuberto
- ▶ 3 aulas de uso exclusivo para Ed. Infantil
- ▶ Aula de música/CC.SS.
- ▶ Aula de PT/AL
- ▶ Aula de inglés
- ▶ Aula de informática
- ▶ Biblioteca
- ▶ Aula Laboratorio
- ▶ Comedor + cociña



SÉGUENOS EN...

